



CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

Segundo acordo da Xunta de Goberno de data 28 de Maio de 2019, anúnciase convocatoria pública, en orde á adxudicación do espazo vacante, nave número 3, para viveiro de empresas, na nave de usos múltiples do Parque Empresarial. Elo, de conformidade co disposto nas ordenanzas, aprobadas polo Pleno do Concello, na sesión do trece de marzo de 2017. Unha vez tramitadas as mesmas, de conformidade co disposto na lexislación vixente o acordo de aprobación e o texto dos mesmos publicouse no BOP núm 117 de 24 de maio de 2017.

1.- ENTIDADE ADXUDICATARIA.- Concello de Friol. Dependencia: Secretaría-Intervención

2.- OBXECTO, BENEFICIARIOS E DURACIÓN.-

a) Obxecto: adxudicación dun espazo do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución. Trátase dunha nave industrial para utilización como viveiro de empresas, coa seguinte superficie:

- Nave 3: 354,50 m² construídos, superficie útil 363,40m², distribuídos en 262,23m² de planta baixa e 68,35 m² de planta alta.
- As superficies comúns son as correspondentes a parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m²
- A Nave número 3 deberá satisfacer un prezo público de 145,36 € (Máis o I.V.E. correspondente)

b) Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios/as os/as emprendedores/as, ben autónomos/as ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Empresas que aínda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses.
- Empresas constituídas en menos de 6 meses dende a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de inicio a data que figura no modelo 037 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Deberán ter enderezo social e fiscal no Concello de Friol.

A solicitude, farase segundo o modelo normalizado, que se publica no Anexo. Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios partícipes ou integrantes:

- Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver, que avale a súa viabilidade económica e técnica, debendo desenvolver unha actividade de carácter industrial, compatible coas características do espazo físico do viveiro e as ordenanzas reguladoras do parque empresarial.
- Fotocopia do DNI
- Currículum vitae
- Vida laboral.
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor/a, que será que o que asuma fronte ao Concello o réxime de dereitos e obrigas. No entanto o emprendedor/a poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser

perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

Os/as interesados/as poderán engadir, achegar ou cumprimentar calquera documento, plano, bosquejo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

Os/as solicitantes ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial que comprenderá polo menos os contidos do plan de empresa. Ademais,

nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles. En caso de non estar dispoñibles os sinalados en primeiro lugar polas empresas seleccionadas, poñeranse a disposición do/a adxudicatario/a as restantes, ás que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante.

No caso de empresas que non comezasen a súa actividade, a data prevista de inicio non poderá superar 3 meses desde a data de notificación da adxudicación da nave, excepto nos casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes. En ningún caso se tramitarán as solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado. Con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo, sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, poderase requirir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c).- Duración: O prazo máximo do contrato será de 12 meses prorrogables por outros 12, despois de un acordo por escrito, formalizándose as ampliacións do período de estancia, mediante anexo ao contrato suscrito inicialmente.

Non obstante o disposto, co fin de apoiar a aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse o prazo, ata un máximo ata o máximo de un ano mais, sempre que non exista lista de espera, previa solicitude e formalización do/a interesado/a, que formulará cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo inicialmente establecido. Será obxecto de estudio polo órgano de selección, logo dos informes que estime pertinentes elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal, ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos, incluída a prórroga.

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto con varios criterios, de conformidade coa cláusula 11 da ordenanza reguladora:

- Viabilidade técnica e económica da actividade: 5 puntos.
- Nivel de creación de emprego: 1 punto por contrato, ata un máximo de 5 puntos.
- Empresa nova: 3 puntos.
- Empresa recente: Ata tres meses 2 puntos; a partires de 3 e ata 6 meses 1,5 puntos.
- Promotores veciños de Friol 2 puntos, de concellos limítrofes 1 punto.
- Promotores en situación de desemprego: 1 punto.
- Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos e colectivos en exclusión social: 1 punto.

As solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen seleccionadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se aplicarán no caso de vacantes. A lista de espera terá validez por 24 meses.

4.- PREZO A SATISFACER.-As tarifas ás que se refire o artigo anterior estruturáanse do seixo seguinte:

- Para o caso de utilización e aproveitamento dos locais do viveiro municipal, as empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon a súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidas na normativa reguladora do viveiro, o importe será o resultante de aplicar a conta de 0.4€/m² útiles por cada mes.
- En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratarase o importe da mensualidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais. Todo elo, sen prexuízo do pago pola súa conta dos recibos correspondentes de auga, lixo, saneamento, enerxía eléctrica etc. e calquera outro gasto de funcionamento.

5.- GARANTÍAS.-Unha vez notificada a adxudicación do espazo a un proxecto empresarial, o/a adxudicatario/a realizará as xestións pertinentes en orde á obtención de licenza ou comunicación previa e subscribirá un contrato, que conterà os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá o establecido nesta ordenanza.

O prazo máximo para a sinatura do contrato, será de quince días desde a obtención da licenza, ou comunicación previa, debendo presentar a garantía e realizarse a ocupación do local adxudicado no prazo máximo de un mes, dese a sinatura do contrato. Dende o momento da ocupación, nacerá a obriga do pago do prezo público.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensualidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A súa devolución, realizarase no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

- a) Data límite: 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 9 a 15 horas.
- b) Documentación: A esixida na ordenanza reguladora.
- c) Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

7.- APERTURA DE SOLICITUDES.- Segundo o disposto, ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, compételle a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cantos informes considere necesarios. A Alcaldía publicará a designación nominal na web do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.

8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

- a) Concello de Friol.- Praza de España, 4. Código Postal 27220
- b) Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206
- c) Na Sede Electrónica do Concello de Friol: <https://friol.sedelectronica.gal>
- d) En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas reguladora e fiscal, aprobadas polo Pleno do Concello, así como á lexislación vixente ao respecto.

ANEXO.-MODELO DE SOLICITUDE

D. _____,
 con DNI n.º _____, con enderezo a efectos de notificacións en
 _____, n.º _____,
 correo electrónico _____ en nome propio/ en representación
 de _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na
 convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado
 polo Concello, para a súa utilización na actividade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal d o seguinte espazos.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

TERCEIRO.- Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incurso en prohibición ou incompatibilidade para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CUARTO.- Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.
- Copia do DNI
- Curriculum vitae e vida laboral
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Proxecto empresarial da actividade a realizar.

- **QUINTO.-** Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

-**SÉXTO.-** Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

-**SÉTIMO.-**Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

Polo tanto **SOLICITO** ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__ . Sinatura do declarante,

Friol, 5 de Xuño de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1117

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2020, que comprende un total de 13 recibos por un importe de 1.279,52 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de Centro de Día correspondentes ao mes de marzo de 2020, terá lugar dende o día 19/05/2020 ao 19/07/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 26 de maio de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1118

O INCIO

Anuncio

Iniciado expediente de investigación por Decreto de Alcaldía-Presidencia n.º 270/2019, de data 16/12/2019, para investigar a titularidade da parcela cuxos datos identificativos catastrais se detallan a continuación, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado:

- Parcela catastral: 27024A015003480000DP, "Costa arriba", localizada no lugar de Bermún, Parroquia do Viso, Concello de O Incio.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Transcurrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen convinte ao seu dereito, acompañando todos os documentos no que funden as súas alegacións (art. 50 do RD 1372/1986 do 13 de xuño).

O Incio, 5 de Xuño de 2020.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1119

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade co decreto de 11 de xuño faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural":

UN/HA (1) PEÓN CONDUTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA.

UN/HA (1) XEFE/A DE BRIGADA.

DOUS (2) OPERARIOS/AS CONDUCTOR DE TRACTOR/DESBROZADOR

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Portomarin na seguinte dirección <http://portomarin.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Portomarin, 11 de xuño de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1169

Anuncio

EXPEDIENTE DE RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Aprobado por o Pleno da Corporación en sesión de 12 de xuño de 2020, Expediente de Reconocimiento Extrajudicial de Créditos por suplementos de créditos, en el presupuesto de esta Corporación, en cumplimiento de lo dispuesto en el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación, y en caso de que en dicho plazo no se produjesen reclamaciones se entenderá aprobado definitivamente.

Portomarin, 12 de junio de 2020.- El Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1170

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, expone ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. De non presentarse estas, considérase definitivamente aprobado o expediente

Portomarin, 12 de xuño de 2020.- El Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1171

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, expone ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. De non presentarse estas, considérase definitivamente aprobado o expediente

Portomarin, 12 de xuño de 2020.- El Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 1172

RÁBADE*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **4 de xuño de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de maio de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 4 de xuño de 2020. O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1121

RIOTORTO*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 05 de xuño de 2020, acordou a aprobación inicial do expediente MC 2/2020, de modificación de créditos na súa modalidade de transferencia de créditos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de QUINCE DÍAS a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo, non se tivesen presentado alegacións, considerase aprobado definitivamente dito Acordo.

Riotorto, 8 de xuño de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1122

SAMOS*Anuncio*

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (6 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 3 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO**1.1. Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de SEIS (6) PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES (categoría peón) para seren contratados como persoal laboral temporal *ao abeiro do "Programa de Fomento do Emprego" que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº52 de 02/03/2019)*, para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

As contratacións se financian coa achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo en importe de 34.369,07€ equivalente aos custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: "No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en

exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexeráse:

- Polo artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).
- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexeráse polo establecido no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº 52 de data 02/03/2019).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal). Tamén serán enviadas á Deputación de Lugo xunto coa convocatoria para que sexan publicadas na súa páxina web institucional de conformidade co disposto na base 8ª.2 das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (3 meses) na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro. Establécese como data máxima de remate o **30 de setembro de 2020 (data sinalada no Plan Provincial Único)**, e a xornada completa.

3. FUNCÍONS

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas e obras de reparación en xeral.

- Tarefas de mantemento, conservación e incluso reparacións, de infraestruturas, edificios e instalación municipais con carácter xeral.
- Traballos de albanería, fontanería, electricidade, xardinería e outros semellantes para a adecuada prestación dos servizos municipais e pequenas reparacións de viais municipais.
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do Certificado de escolaridade ou equivalente ou titulación superior, o cal se deberá acreditar mediante documento oficial fidedigno expedido polo Organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, na data de remate do prazo de presentación de instancias deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada (clausula 8ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase ao Sr. alcalde do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles

contados dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego e vida laboral actualizada.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) Documentos xustificativos dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso segundo o establecido na base 8ª, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

g) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos o alcalde nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

-Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

-Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrabolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

As respostas incorrectas restarán 0,25 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de quince minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará o resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha **lista de agarda** dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Samos, 10 de xuño de 2020.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

ANEXO I.-TEMARIO**Tema 1**

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2

Elementos da construción: Muros, tabiques e paredes.

Tema 3

Diferentes materiais e ferramentas en construción.

Tema 4

Reparación de camiños e baches en pistas: Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 5

Nocións básicas de xardinería e desbroces.

Tema 6

Nocións básicas de albanalería, carpintería, electricidade, fontanería-rede de abastecemento de auga.

Tema 7

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable para a utilización polos traballadores de equipos de traballo. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE SEIS (6) POSTOS DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO" DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/a.....
 provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....
nº..... piso..... C.Postal..... Localidade.....
 Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).
- Permiso de condución en vigor tipo C.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.
- Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.
- Documentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.
- No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

..... de..... de 2020

O/a solicitante,

Asdo.:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAMOS

R. 1173

Anuncio

Ós efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ponse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 co informe favorable da Comisión Especial de Contas celebrada con carácter extraordinario o día 10 de xuño de 2020, por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

Samos, 12 de xuño do 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure

R. 1175

XOVE*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 15 de xuño dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 4/2.020, de Crédito Extraordinario, por importe de 100.000,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerárase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 15 de xuño de 2020. Asdo. O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1178

*Anuncio***Persoal Laboral Temporal para o Verán 2020**

Por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2020, aprobáronse as bases específicas para a contratación de 2 albaneis, 5 peóns de desbroce e 2 recepcionistas da oficina de turismo en réxime de persoal laboral temporal.

Prazo de presentación de solicitudes: nos días laborais seguintes sinalados nas bases ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, a través do rexistro xeral do Concello en horario de 09:00 a 14.00 horas.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.xove.es).

Xove, 15 de Xuño de 2020. O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1179

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO***Anuncio*

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000085/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D/D^a HABUC VASILE, contra DON ADRIAN SANDEZ SAAVEDRA, sobre ORDINARIO, se han dictado resoluciones, en fecha 15.05.20 y 02.06.20, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Acuerdo:- Alzar el embargo y precinto en su día decretado respecto de los siguientes bienes muebles:- Matrícula: 3736FSB y M-9724TY.- Marca: TOYOTA y ROVER.- Modelo: RAV 4 y 220 B.- nº de Bastidor / nº de chasis, en su caso: JTEHG20V700049665 y SARRFHNXNAD068178.- Librar el oportuno mandamiento por duplicado al Registro de Bienes Muebles Lugo para que procedan a la anotación de lo acordado, y oficiar a la Policía Local de Lugo a fin de poner en su conocimiento lo acordado.- **Pagar a DON HABUC VASILE el importe principal de 663,89 euros, a tal efecto requiérasele para que facilite un número de cuenta de su titularidad a fin de transferirle el citado importe.- Asimismo, requerir a la parte ejecutante para que en el plazo de CINCO DÍAS presente la oportuna liquidación de intereses y costas, advirtiéndole que de no realizarlo se procederá a la devolución a la parte ejecutada del sobrante que resulte y se tendrá por terminada la presente ejecución.**

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de TRES DÍAS hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**”

“Siendo devuelta carta certificada sin cumplimentar dirigida a la parte ejecutada y habiendo antecedentes en este Juzgado de que se encuentra en paradero desconocido, acuerdo:- Notificar a medio de edictos las anteriores resoluciones a DON ADRIÁN SÁNDEZ SAAVEDRA, a tal efecto remítase el mismo acompañado de oficio a la Excelentísima Diputación de Lugo.-Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación ante el/la Letrado de la Administración de Justicia que dicta esta resolución con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a DON ADRIÁN SÁNDEZ SAAVEDRA, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a dos de junio de dos mil veinte.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1123

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – O VALADOURO

Anuncio

PROGRAMA DE AXUDAS “ACTIVA VALADOURO”.

BDNS (Identif.): 509468

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos Nacional de Subvencións e na páxina web do Concello.

1.- Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de O Valadouro, outorgando liquidez ás empresas do municipio para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de O Valadouro, dando soporte ás persoas autónomas, e pequena empresa, así como aos traballadores por conta allea residentes no municipio para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da noso Concello, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores e familias.

2.- Bases reguladoras

Pódense consultar na páxina web do Concello <http://www.valadouro.org>

3. - Lugar e prazo de admisión de solicitudes

O modelo de solicitude para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal: www.valadouro.org

As solicitudes presentaranse polos medios previstos na lei 39/2015, de Procedimento Administrativo Común, que sexa posible no momento da presentación, e preferentemente por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Valadouro, utilizando o formulario xenérico de solicitude dispoñible na sede indicando no campo "Solicita" o texto "Axudas Covid-19."

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido, será causa de inadmisión da solicitude.

4.- Información

Concello de O Valadouro teléfono 982 574036

O Valadouro, 5 de xuño de 2020, O Alcalde, D. Edmundo Maseda Maseda.

R. 1124

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DO SUMINISTRO ELÉCTRICO DO CONCELLO DE O VALADOURO.

BDNS (Identif.): 509509

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos Nacional de Subvencións e na páxina web do Concello.

1.- Obxecto

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas ao pago da factura da luz dos veciños de O Valadouro, durante o exercicio 2020.

2.- Bases reguladoras

Pódense consultar na páxina web do Concello <http://www.valadouro.org>

3. - Lugar e prazo de admisión de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de O Valadouro de forma presencial ou a través da Sede electrónica do Concello, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- O primeiro abarcará ata o 1 de setembro (incluído)
- O segundo abarcará ata o 10 de decembro (incluído)

No caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ate o inmediato hábil seguinte.

As facturacións presentadas no primeiro dos prazos non poderán ser engadidas no segundo deles.

4.- Información

Concello de O Valadouro teléfono 982 574036

O Valadouro, 5 de xuño de 2020, O Alcalde, D. Edmundo Maseda Maseda.

R. 1125

Anuncio

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA INVERSIÓNS DESTINADAS Á LOITA CONTRA AS CONSECUCIAS DO COVID 19 NA ANUALIDADE 2020.

BDNS (Identif.): 509554

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións , publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos Nacional de Subvencións e na páxina web do Concello.

1.- Obxecto

É obxecto da convocatoria a concesión de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva de proxectos para o apoio e promoción do movemento asociativo veciñal e a participación dos cidadáns de conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no non previsto no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Os obxectivos que se perseguen conseguir son, entre outros, os seguintes:

- A existencia e funcionamento ordinario de Asociacións de Veciños, para a representación e defensa de intereses xerais ou sectoriais e neste momento a loita contra o Covid 19 dende o seu ámbito.
- A xeración de grupos de actuación e programas de actividades estables, de forma que se produza unha continuidade nas actuacións aínda que varíen as actividades programadas.
- Promover os valores do medio natural e do patrimonio cultural da zona, concienciando na responsabilidade persoal de todos na súa conservación e protección.
- A participación interasociativa para o logro dos obxectivos común e a incidencia dos programas e actividades no entorno.
- A corresponsabilidade entre as Asociacións e a Administración Pública na financiación dos programas.

2.- Bases reguladoras

Pódense consultar na páxina web do Concello <http://www.valadouro.org>

3. - Lugar e prazo de admisión de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación anteriormente mencionada e dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Valadouro deberá ser presentada no Rexistro do Concello de xeito telemático ou dos xeitos permitidos no momento de presentación, e debidamente cumprimentado no prazo 15 días á partir do día seguinte ó da publicación pola Base de Datos Nacional de Subvencións do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os interesados poderán examinar o texto íntegro destas bases na web municipal www.valadouro.org e na sede electrónica do Concello <https://valadouro.sedelectronica.es>. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso o solicitante deberá remitir, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada ao número de Fax 982.57.43.03. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude.

4.- Información

Concello de O Valadouro teléfono 982 574036

O Valadouro, 5 de xuño de 2020, O Alcalde, D. Edmundo Maseda Maseda.

R. 1126

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncios

Expediente número: A/27/22492.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Francisco Fernández Méndez.

Nombre del río o corriente: Rego do Vao.

Caudal solicitado: 0,5 l/seg.

Punto de emplazamiento: Ouviaña.

Término Municipal y Provincia: Ribeira de Piquín (Lugo).

Destino: Riego de la parcela 24 del polígono 8.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Captación mediante equipo de bombeo portátil e impulsión por tubería de 63 mm de diámetro hasta balsa de 30000 litros de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Ribeira de Piquín**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), en cuya página web, conforme al artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, podrá consultarse la documentación del expediente.

Oviedo, 8 de junio de 2020.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 1202

Anuncio

Expediente número: A/27/22401.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Francisco Fernández Méndez.

Nombre del río o corriente: Manantiales de “Vao de Paciego” y “Prao da Fonte”.

Caudal solicitado: 12 l/minuto.

Punto de emplazamiento: Parcela 30 del polígono 8 y parcela 78 del polígono 46, Ouviaña.

Término Municipal y Provincia: Ribeira de Piquín (Lugo).

Destino: Uso doméstico sin consumo humano y uso ganadero.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Vao de Paciego: captación y conducción a depósito del que se abastecerá vivienda y establo.

Prao da Fonte: captación y conducción hasta vivienda y establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Ribeira de Piquín**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), en cuya página web, conforme al artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de

octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, podrá consultarse la documentación del expediente.

Oviedo, 8 de junio de 2020.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez

R. 1203
